

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE ADMINISTRATIVA GABINETE ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2019/G003/001930

En sesión plenaria de 2 de xullo de 2019, de organización da Corporación Local, prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Mais concretamente, no punto décimo se crearon 4 postos de persoal eventual para o Goberno e 3 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para o Goberno (4) son 2 administrativos/as de Gabinete da Alcaldía e 2 auxiliares administrativos/as para o Goberno.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei //1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **resolve:**

Primeiro.- Nomear persoal eventual de confianza de Gabinete Alcaldía a **María Isabel González Cancela**, con ██████████, coa categoría profesional de administrativa de Gabinete de Alcaldía.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 2 de xullo de 2019. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades da Alcaldía.

Terá unha retribución bruta anual de 27.319,89 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo.- O nomeamento terá efectos dende o 5 de xullo de 2019, previa aceptación de María Isabel González Cancela.

Terceiro.- Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Ames, 3 de xullo de 2019

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo